

Martes, 16 de decembro de 2025

Núm. 240

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTEVEDRA****Persoal, oposicións**

MODIFICACIÓN BASES XERAIS E ESPECÍFICAS CONVOCATORIA PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES CONCELLO DE PONTEVEDRA INCLUÍDAS NA OEP 2025, EN PARTICULAR, O TEMA 20 DA BASE 5ª DO PROGRAMA, DAS ESPECÍFICAS DA PRAZA SEPULTUREIRO/A, QUENDA LIBRE

Número de expediente: 2025/BASESPS/000006

ANUNCIO POLO QUE SE MODIFICAN AS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULAN A CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA CUBRIR PRAZAS VACANTES NO CONCELLO DE PONTEVEDRA INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2025, EN PARTICULAR, O TEMA 20 DA BASE 5ª DO PROGRAMA, DAS ESPECÍFICAS DA PRAZA DE SEPULTUREIRO/A, POLA QUENDA LIBRE.

O día 09/10/2025, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, aprobáronse as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público para o ano 2025. Entre esas prazas, figura unha de sepultureiro/a mediante quenda libre. A concelleira responsable da Área de Servizos non Territorializados convoca, mediante resolución de data 10/10/2025, os procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público para o ano 2025.

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 10/11/2025, publicouse anuncio polo que se convocan os procesos selectivos e se da publicidade ás bases xerais e específicas que regulan a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público para o ano 2025.

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do día 11/12/2025, estimou un escrito dunha persoa contra o acordo da Xunta de Goberno Local polo que se aproban as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público para o ano 2025. no que solicitaba a corrección do tema 20 da base 5ª Programa, das bases específicas da praza de sepultureiro/a, pola quenda libre, e como consecuencia desa estimación, ese órgano acordou:

“Modificar as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na OEP 2025, en particular, o tema 20 da base 5ª. Programa, das bases específicas da praza de sepultureiro/a, pola quenda libre, nos seguintes termos:



Martes, 16 de decembro de 2025

Núm. 240

Onde dí:

“(…)

20. Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia.

“(…)”

Debe dicir:

“(…)”

20. Decreto 129/2023, do 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia.

“(…)”

.“

RECURSOS PROCEDENTES

Contra este acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/12/2025, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica

A Concelleira de goberno responsable da Área de Servizos non territorializados

